

DOCUMENTOS STOP. ALEGACIONES presentadas e publicadas por Xosé Benito Reza, veciño de Celanova, funcionario da Xunta e es director xeral de Conservación da Natureza

(tiradas do seu perfil persoal en Facebook, publicación con data do 2 de marzo de 2021)

“Á vista do expediente, presento as seguintes ALEGACIONES:

1.- Afección á PAISAXE:

Dado o enorme tamaño dos aeroxeneradores: torres de 102 mts, rotores de 155 e altura total de 180 mts, e que se pretenden situar no rebordo ou resalte do último chanzo morfolóxico onde remata o conxunto orográfica que espalla dende a Serra do Leboreiro entre Celanova e Vereas, o parque eólico vai ocupar un dos lugares máis expostos e visibles de toda a comarca, e un dos peores que se podían elixir a efectos de afección paisaxística, tal e como se pode comprobar no documento de inicio, sinaladamente no mapa da cunca visual.

O parque eólico, emprazado nesa penachira sobre o val que discorre entre a cota dos 300/600 mts, ademais de ser visible dende as áreas máis poboadas, sitúase a tan só 3 kms de distancia da capital comarcal: a vila de Celanova.

Por todo isto, dado que os muíños acadarán unha cota de 1.000 mts, tendo en conta o exposto do lugar onde se queren implantar, e tendo en conta que o núcleo máis importante da comarca se atopa a tan só 3 kms de distancia, o impacto visual e sobre a paisaxe será tan severo que entendemos que esta soa circunstancia inhabilita xa de por si o proxecto, tanto máis cando a Xunta de Galicia está a poñer en marcha iniciativas para a defensa e protección da paisaxe como as recentemente aprobadas Directrices da Paisaxe Galega.

2.- Afección ao PATRIMONIO CULTURAL

Directamente relacionado co anterior a afección que se producirá sobre o patrimonio cultural será moi severa pola presenza inmediata ao parque eólico dun importante patrimonio.

Dentro da área de afección directa do proxecto ou nas súas proximidades atópase: o Campo de Mámoas máis importante da comarca; o Castro de Cañón; a Vía Romana que ía a Lugo, hoxe Camiño de San Rosendo catalogado como “Camiño Natural” polo Estado; a explotación mineira romana de Fontechide; a Casa da Neve do mosteiro; e o que se consideran os restos altomedievais dunha capela, unha fortificación e dous poboados nos lugares de O Santo, Soutomanco e Cachiquimbra.

Ademais, a tan só 4 kms de distancia atópase a Citania de Castromao, declarada Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP_04_04) pola Xunta de Galicia e o pasado ano Ben de Interese Cultural, a fortaleza medieval de Vilanova (BIC dende 1994), e a vila de Celanova que conta con o mosteiro de San Rosendo (Monumento Nacional dende 1931), a capela mozárabe

do San Miguel (Monumento Nacional dende 1923) e a casa do poeta Curros Enríquez (BIC dende 1976).

Todo este patrimonio, atractivo para un turismo no que se basea en boa medida o futuro da comarca, verase seriamente afectado e comprometido pola presenza destes xigantescos muíños emprazados a tan curta distancia.

3.- Ruídos e outras afeccións

3.1.- Unha ducia de aldeas veranse afectadas polo ruído tendo en conta que algunhas se atopan incluso a menos de 1 qm de distancia das máquinas.

3.2- Hábitats protexidos pola Directiva comunitaria 92/43/CEE como as uceiras secas europeas, uceiras oromediterráneas e rochedos silíceos.

3.2 Especies de fauna ameazada como a píntega rabilonga, a agúa real e a tartaraña.

Por todo isto, SOLICITO:

O rexeitamento do proxecto polos severos impactos que sen dúbida vai ocasionar nunha das zonas de Galicia con maior riqueza patrimonial e cultural; entendendo que o principio de precaución e a prevalencia da protección ambiental e dos valores naturais e culturais dun territorio deben rexer a actuación das administracións por riba de calquera outro interese".